

**NOTA INFORMATIVA DA VICERREITORÍA DE
ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO DO 7 DE
MAIO DE 2020, RELATIVA AOS EFECTOS
ECONÓMICOS E ACADÉMICOS DO SEXENIO DE
TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO**

Ante as notificacións da ANECA recibidas por membros do PDI relativas á resolución de solicitudes de sexenios de transferencia do coñecemento, e ante a multitude de consultas recibidas en distintas vicerreitorías e servizos relativas aos seus efectos económicos e académicos, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado emite a presente nota informativa co fin de aclarar diversos aspectos referentes a ditos sexenios:

1. Os sexenios de transferencia de coñecemento que se están notificando desde decembro de 2019, foron convocados como un proxecto piloto para o ano 2018, nun Anexo da Resolución do 28 de novembro de 2018 da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación (BOE de 30 de novembro de 2019) pola que se fixa o procedemento e prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora á Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora.
2. En dita convocatoria nin se recolle nin se referencia ningunha normativa regulatoria de ditos sexenios. Tampouco se establece a súa equivalencia a ningún efecto con outros tipos de complementos, polo que nos atopamos ante un baleiro normativo de cara a recoñecer os seus efectos.
3. Así, no referente aos seus posibles efectos económicos, os complementos retributivos do profesorado universitario funcionario veñen regulados polo Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto (BOE de 21 de abril de 2012), sobre retribucións do profesorado universitario, que unicamente establece un complemento de produtividade ligado á **avaliación da actividade investigadora** cada 6 anos de dedicación a tempo completo, ou período equivalente. No caso do persoal contratado doutor, o II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo establece que as súas retribucións será a mesma de un profesor titular de universidade.
4. No referente aos efectos académicos, o Real Decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, no que se basean os diferentes niveis de dedicación docente do profesorado definidos pola Universidade de Vigo na súa normativa, establece que a actividade docente do persoal poderá variar en función da **actividade investigadora** recoñecida de conformidade co Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario. A este respecto, e ante as consultas recibidas, recórdase que a normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado en vigor indica que: "Para calcular a dedicación de cada PDI contabilizaranse os sexenios de investigación de convocatorias resoltas na data 31 de decembro do ano anterior ao de inicio do curso".
5. Ante a falta de referencia normativa, esta Vicerreitoría solicitou un informe xurídico no que se indica que a delimitación dos efectos dos sexenios de transferencia trátase "dunha materia de ámbito estatal e que os seus efectos non se cinxen ao ámbito interno desta Universidade e ás súas potestades autonómicas", polo que "a consulta debe elevarse ao Ministerio, a fin de que regule ou dite as instrucións oportunas na materia." Dita consulta foi elevada ao Ministerio pola CRUE, sen ter obtido resposta ata o momento.
6. Ante esta situación, a Universidade de Vigo continuará á espera de que as autoridades competentes diten as oportunas regulamentacións ou instrucións que establezan os efectos administrativos, académicos e económicos dos sexenios de transferencia de coñecemento. Unha vez se produza esta definición, e o organismo correspondente dote os recursos necesarios, a Universidade de Vigo recoñecerá ao seu profesorado os efectos oportunos, coa máxima celeridade posible, e sempre dentro do marco da súa normativa interna.

